

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES DE GALICIA (CEESG) POLO QUE SE ENCOMENDA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ALOUMIÑOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 08.08.2024 coa Colexio de Educadoras e Educadores de Galicia (CEESG), o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente ata o 31.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o CEESG para a posta en funcionamento do Proxecto Aloumiños, desenvolvendo unha serie de actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cos seguintes obxectivos:

- a) A contratación dos profesionais que levarán a cabo a coordinación do proxecto Aloumiños, impulsado dende a Subdirección xeral de Atención á Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde. A entidade contratante é o CEESG.
- b) Minimizar os efectos da soidade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral.
- c) A implantación do proxecto nas comarcas de Galicia cun maior índice de suicidio seguindo a referencia do risco estimado de mortalidade por suicidio elaborado no Atlas Nacional de mortalidade en España do grupo Bayesians da Fundación para el Fomento de la Investigación Sanitaria y biomédica de la Comunidad Valenciana (FISABIO).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O CEESG é unha Corporación de Dereito Público, de ámbito autonómico, que se rexe polo disposto no artigo 36 da Constitución Española, na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia e nos seus propios Estatutos aprobados por Decreto 230/2006, do 30 de novembro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. O CEESG ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión, a súa representación exclusiva, a vixilancia do exercicio da profesión, velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas. Tamén son funcións propias do CEESG o fomento da promoción e desenvolvemento técnico da profesión e o servizo da profesión á sociedade.

O Servizo Galego de Saúde impulsa o proxecto Aloumiños, de prevención da soidade non desexada a través da promoción de hábitos e contornas saudables, creando espazos de benestar para toda a poboación, buscando, entre outros beneficios, o aumento da calidade



de vida e o benestar asociado ás relacións interpersoais e o apoio social, a diminución dos sentimentos de soidade, a mellor adherencia aos tratamentos así como unha menor frecuentación dos servizos sanitarios.

O Proxecto Aloumiños forma parte das actividades financiadas polo Ministerio de Sanidad no exercicio 2023, segundo acordo do Consejo Interterritorial del SNS para a distribución dos fondos as CC.AA con data 23 de xuño de 2023.

O proxecto atópase aliñado cos obxectivos do Plan de Acción de Salud Mental 2022-2024 da Estratexia de Saúde Mental do SNS, en concreto na liña 3 (sensibilización e concienciación para a promoción da Saúde Mental e a loita contra o estigma, co obxectivo de promover cambios na percepción e as actitudes sociais que favorezan a integración e a participación social das persoas con problemas de saúde mental) e a acción 3.1 (Realización de campañas para a promoción da saúde mental, especialmente referente á loita contra o estigma e a prevención da conduta suicida).

Este proxecto implantarase nas comarcas de Galicia con maior índice de suicidio. En concreto na comarca de Ordes, onde os cinco municipios que a integran atópanse entre os 20 primeiros postos de risco en Galicia, sendo dous deles os dous primeiros (Cerceda e Ordes); e os municipios máis afectados da comarca de Bergantiños, as comarcas de Ferrolterra e Eume, e finalmente na comarca do Condado (Ponteareas) máis afastada dos primeiros postos da clasificación pero na que interesa a experiencia piloto ao solicitarse de forma simultánea, por parte da fisioterapeuta do centro de saúde, un proxecto complementario de prevención en saúde mental por medio do exercicio físico que podería ser exportable a outros centros de saúde con fisioterapeuta e nutricionista.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

